



14ª MOSTRA DE ARTE GAS NATURAL FENOSA

BASES 1/4

1. Participantes e obras

1.1. Co obxecto de promover e dar visibilidade aos novos valores artísticos, convócase a 14ª MOSTRA DE ARTE GAS NATURAL FENOSA á que poderán concorrer cunha soa obra artistas nados ou afincados en España.

1.2. Os participantes terán completa liberdade temática e serán admitidas todas as técnicas, procedementos e tendencias artísticas.

2. Presentación de documentación

2.1. Os interesados deberán remitir o formulario de inscrición, dispoñible na páxina web do MAC: www.artistasmac.com/14mostra/, **antes das 14.00h (GMT +1) do 15 de xuño de 2016**. Devandito formulario, que deberá ser debidamente cumprimentado exclusivamente online, consta dos seguintes campos:

- a) Datos persoais do participante.
- b) Ficha técnica da obra presentada.
- c) Texto explicativo da obra.
- d) Un máximo de tres fotografías da obra presentada a concurso, y un link se se trata dun vídeo.
- e) Currículo profesional ordenado cronoloxicamente desde a actividade máis recente.
- f) Breve dossier artístico con fotos de obras recentes.
- g) Fotocopia do DNI (e documento acreditativo de residencia para os afincados en España).
- h) Aceptación das bases da 14ª MOSTRA.
- i) Aceptación das condicións en cumprimento da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD).

3. Proceso de selección

O proceso de selección constará de dúas fases:

- a) Preselección: tras o peche do prazo de presentación de inscricións, o xurado realizará unha preselección das obras presentadas. O MAC fará pública a preselección do xurado, na última semana de xullo de 2016, a través da súa páxina web e poñerá en contacto con todos os artistas preseleccionados para indicarlles o período de recepción das obras.



14ª MOSTRA DE ARTE GAS NATURAL FENOSA

BASES 2/4

b) Selección: de entre as obras recibidas no prazo indicado, o xurado realizará a selección definitiva, cuxo resultado será publicado no sitio web do MAC e comunicado aos autores seleccionados.

4. Premios

4.1. Establécense os seguintes premios e as súas respectivas dotacións económicas:

Primeiro premio: 15.000€

Segundo premio: 10.000€

Terceiro premio: 7.000€

(Cantidades suxeitas á retención fiscal vixente no momento do pago)

4.2. O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios.

4.3. As obras premiadas e todos os seus dereitos pasarán a formar parte da Colección de Arte Contemporánea Española de Gas Natural Fenosa.

5. Xurado

5.1. O xurado da 14ª MOSTRA estará integrado por profesionais de recoñecido prestixio no ámbito da cultura e a creación artística. A composición do xurado farase pública coincidindo coa publicación do fallo do concurso.

5.2. A decisión final do xurado farase pública no mes de setembro de 2016, coincidindo coa inauguración de exposición.

5.3. A decisión do xurado será inapelable e a este corresponde resolver calquera circunstancia non prevista nestas bases. A interpretación destas bases é labor exclusivo dos membros do xurado.

6. Exposición

6.1. As obras seleccionadas pasarán a formar parte dunha exposición colectiva que se celebrará no MAC da Coruña en setembro de 2016.

6.2. As pinturas, debuxos e fotografías deberán presentarse preparadas para a súa exhibición.



14ª MOSTRA DE ARTE GAS NATURAL FENOSA

BASES 3/4

6.3. As obras en formato audiovisual serán remitidas nunha memoria USB e deberán achegar indicacións técnicas para a súa correcta montaxe e exhibición.

6.4. As esculturas non poderá exceder o 100 kg de peso.

6.5. Non se admitirán obras realizadas en materiais perigosos para o seu transporte, manipulación ou para a integridade da propia obra.

7. Remisión, coidado e devolución de obras

7.1. Os gastos de embalaxe e transporte correrán a cargo do artista. Ditas obras poderán ser enviadas por calquera medio de transporte ou depositadas persoalmente nas dependencias do MAC. A embalaxe debe asegurar a integridade da obra e ser reutilizable, de tal forma que a devolución das obras seleccionadas pódase realizar no mesmo embalaxe.


7.2. En ningún caso se aceptarán obras en mal estado ou que non ofrezan todos os elementos necesarios para a súa correcta exposición.

7.3. As obras seleccionadas non premiadas serán retiradas a partir de clausura da exposición nun prazo máximo de quince días. Poderán retirar as obras os seus autores, persoas autorizadas e axencias de transporte previo aviso.

7.4. O feito de non retirar as obras implicará a cesión das mesmas por parte dos seus autores a unha institución cultural, docente ou de carácter humanitario, autorizándose expresamente ao MAC a efectuar a entrega das mesmas. O MAC non responderá de perdas, roturas, roubos, danos ou calquera outro dano que puidese producirse. En ningún caso as obras pasasen a formar parte da Colección de Arte Contemporánea Española de Gas Natural Fenosa.

7.5. O MAC emitirá unha póliza de seguro que cubrirá as obras durante a súa estancia no museo.

7.6. O MAC poñerá o máximo celo no coidado das obras recibidas pero declina toda responsabilidade por eventuais danos, extravíos, roubos ou calquera outra circunstancia que puidese producirse durante o seu envío e devolución.



14ª MOSTRA DE ARTE GAS NATURAL FENOSA

BASES 4/4

8. Outras condicións

8.1. Os artistas seleccionados autorizarán que se cite o seu nome, así como a reprodución gráfica das obras seleccionadas e os seus respectivos textos explicativos para calquera tipo de difusión ou publicación que o MAC considere oportuno facer.

8.2. A participación na MOSTRA implica a total aceptación destas bases e a conformidade coa decisión do xurado.

8.3. A organización resérvase o dereito para facer modificacións ou tomar iniciativas non reguladas nestas bases, sempre que supoñan melloras que afecten directamente o éxito do certame.

Premio Julián Trincado

O Concello da Coruña, dentro da presente edición da 14ª MOSTRA, convoca o Premio Julián Trincado, dotado con 6.500€, conforme ás seguintes bases:

1. O premio outorgarase á mellor obra de autor galego presentada á MOSTRA.
2. O premio será único, non podendo ser dividido.
3. O premio non poderá ser declarado deserto.
4. O xurado será o da correspondente edición da MOSTRA, integrándose no mesmo un representante municipal designado pola Alcaldía.
5. O fallo do xurado será inapelable.
6. A peza gañadora pasará a ser propiedade do Concello da Coruña.
7. O Premio Julián Trincado réxese polas mesmas normas que a MOSTRA.